

CCOO Industria Galicia gaña o xuízo contra JEALSA por despedimento dun membro do comité de empresa e Secretario Xeral da Sección Sindical de CCOO

A contundente Sentenza obriga á empresa para readmitir ao traballador despedido e a pagar máis dun ano de salarios de tramitación, así como a unha indemnización por importe de 50.000 euros polas represalias sufridas por levar a cabo unha conduta constitucionalmente protexida como é a da liberdade sindical.

O Xulgado do Social Nº 4 de Santiago dá a razón á Federación de Industria de Comisións Obreiras e declara nulo o despedimento dun membro do comité de empresa de Jealsa e Secretario Xeral da Sección Sindical de CCOO. En dita causa a Federación de Industria de CCOO acudíuse como coadxuvante do delegado despedido.

A contundente Sentenza obriga á empresa para readmitir ao traballador despedido e a pagar máis dun ano de salarios de tramitación, así como a unha indemnización por importe de 50.000 euros polas represalias sufridas por levar a cabo unha conduta constitucionalmente protexida como é a da liberdade sindical.

Neste caso concreto, o Órgano Xudicial soupo ver as artimañas urdidas pola mercantil, afirmando que “a empresa xerou e permitiu un escenario propicio para proceder ao despedimento do traballador”. A Sentenza, así mesmo, divisa, sen lugar a dúbida, que a escenificación e planificación do despedimento vincúlase directamente á importante actividade sindical do traballador, tanto dentro da súa empresa como membro electo da representación dos traballadores, como no sector.

Con esta sentenza CCOO demostra que hai que combater e pódese gañar a estas empresas que practican unha política antisindical de represalias, persecucións e ameazas con tal de baleirar de contido o labor de defensa dos dereitos das persoas traballadoras que desenvolvemos os Sindicatos a través da nosa representatividade.

Santiago, 03 de abril de 2024